

OLLADAS DE MULLER

VAI E VEM. CARTA BRANCA A CHEMA PRADO (I)

ESENCIAIS: STERLING HAYDEN

TAN PODEROSO COMA O AMOR (e II)

PENSANDO EN CINE, PENSANDO EN GALICIA: ANTÓN LOSADA

DESENCADRES: JONATHAN SCHWARTZ / JULIUS RICHARD / STAN BRAKHAGE (34)

FÓRA DE SERIE

CGAI JÚNIOR

OFF GALICIA

XUNTA DE GALICIA

OLLADAS DE MULLER

En colaboración con:



Como cada ano por estas datas, colaboramos co Consello da Cultura Galega para, cun ciclo, conmemorarmos o Día da Muller. Todos os filmes incluídos neste ciclo foron dirixidos por realizadoras que ademais, en varios casos, exercen dende unha clara vontade feminista. A visibilización das artistas que marcaron a creación contemporánea en Galicia nas últimas décadas é o principal obxectivo de *Arte + muller + Galicia*, documental da comisaria Rosario Sarmiento que se constrúe a través de conversas con este grupo de mulleres e se revisan as súas biografías e obras. Nesta xornada de apertura, o ciclo quere facer unha declaración de intencións con *Tódalas mulleres que coñezo*, último documental da realizadora Xiana do Teixeiro, onde varias amigas da súa idade, na trintena, falan das experiencias que como mulleres teñen na violencia que se exerce contra elas por cuestión de xénero. Unha obra militante que nos forza a posicionarnos ante un debate de extrema actualidade e ante o que, Teixeiro semella opinar, non serven as medias tintas.

O resto da escollla permítenos descubrir un conxunto de películas galegas e portuguesas recentes que chegan avaladas pola súa boa acollida en festivais e entre o público. É o caso de *Trinta lumes*, de Diana Toucedo, e *Correspondencias*, de Rita Azevedo Gomes. A primeira, comparada coa fantástica *Twin Peaks* de David Lynch e Mark Frost ou co evocador cine do tailandés Apichatpong Weerasethakul, introducéonos no mundo misterioso e fascinante do alén a través duns rapaces que viven no afastado Courel, un lugar definido coma un terreo case mítico, nunha aposta que se atopa entre a ficción e o documental. Pola súa banda, *Correspondencias* retoma as cartas entre os escritores lusos Sophia de Mello Breyner Andresen e Jorge de Sena, perseguido polo salazarismo e exiliado, para compor un complexo ensaio cheo da complicidade afectiva e intelectual que emanaban estes textos.

O ciclo péchase cunha selección de curtametraxes que nos permiten descubrir o talento en ambas as dúas marxes do Miño, onde hai dende a última adaptación do célebre relato de Castelao *Un ollo de vidro* ata unha inusual aposta na que brilla Rosa María Mateo como protagonista: *Un país extraño*. Logo dunha demostrada traxectoria en documentais, Sandra Sánchez proba sorte na ficción con *A nena azul*, mentres que *Sombra Luminosa* amosa a capacidade ensaística de Mariana Caló e Francisco Queimadela.

Agradecementos: Rosario Sarmiento; Xiana de Teixeiro; Diana Toucedo; Sandra Sánchez; Laura Pousa; Noela Gutiérrez; Mariana Caló, Francisco Queimadela; Pixi Anoso, Pela del Álamo/Curtocircuito.

PUNTO DE VISTA: JONATHAN SCHWARTZ

En colaboración con:



(...) Se as películas de Jonathan teñen unha idade, esa é a infancia. Encarnan o seu propio abraio infantil perante o mundo e a maxia do celuloide: os seus movementos rítmicos, as súas conexións intelectuais, a súa paradóxica detención e desbloqueo do tempo. E un foco recorrente da súa atención cinematográfica é a infancia do seu fillo Henry e mais os seus amigos. O feito de se converter en neno está cargado de curiosidade, mais tamén dunha "certa inquietude" (por citar o título dunha das súas miniaturas; *A Certain Worry*) –a inquietude do neno, mais tamén a do amoroso pai/artista que observa a existencia do fillo e revisita a súa propia infancia tres décadas e media despois.

Se as películas de Jonathan teñen unha estación, esa é o inverno. Pode ser un inverno que apenas se desprende do outono, ou un inverno de sons nidios e texturas brancas e sólidas, ou mesmo un inverno en decadencia coa promesa dunha primavera incipiente que se abre paso a través das superficies xeadas. A súa cámara repetidamente converxe con corpos que patinan, coa excitación dos saltadores de esquí, con paisaxes envolventes en neve e xelo. Mais o inverno tamén pode ser duro; conxélase, detense e anóxase ante os fluxos de emoción; trae consigo as fendas e as crises da vida posterior, como insinúa nunha das súas últimas películas.

Por riba de todo, os filmes de Jonathan son encontros coa vida no seu constante discorrer. Nos seus diarios de viaxe, son encontros con lugares que sabe que non pode abranguer, só aludir a eles. Aquí topa ou provoca acenos e olladas que ao mesmo tempo revelan e agochan, mais son unha proba do intercambio fundamental na súa idea do que significa ser humano. E é que, o encontro de olladas, ás veces torpes, ás veces cativadoras, sempre tenras, é vital en toda a súa obra. Varios dos seus filmes non son só encontros na diéxese do filme, senón misivas despois do feito, dedicadas como agasallo ao fillo, á esposa e á súa parella nos derradeiros tempos da súa vida. E sexa cal for o seu contido ostensible, todas elas son exploracións do ser humano e do seu devir –un ser-conoutros que debe reconciliarse coa súa propia transitoriedade–, e un devir que se manifesta, en parte, como un proceso de aparición e desaparición.

(...) Eu tamén me amarro ás miñas lembranzas do seu espírito burleiro e amable, e aos seus filmes, como agasallos que encarnan, igual ca el, aparicións e desaparicións.

Irina Leimbacher, comisaria do programa.

Agradecementos: Irina Leimbacher, Garazi Erburu, Garbiñe Ortega/Punto de Vista; CCCB; Filmoteca Española; Canyon Cinema.

ESENCIAIS: STERLING HAYDEN

En colaboración con:



Unha das personalidades máis singulares do Hollywood dos cincuenta, Sterling Hayden (1916-1986) foi mariño antes que actor, ata o punto de que o seu primeiro soldo coa Paramount empregouno en se comprar unha goleta. Mais antes diso xa navegara polos *Mares do Sur* e fora un heroe de guerra, na súa loita a canda os partisanos iugoslavos contra os invasores nazis no decorrer da Segunda Guerra Mundial. Afiliado ao Partido Comunista, Hayden foi unha desas figuras de Hollywood que acabaría delatando os seus compañeiros ante o Comité de Actividades Antiamericanas, algo que había lamentar e, en certo modo, purgaría durante o resto da vida. Unha serie de papeis, *La jungla de asfalto* (1950), *Johnny Guitar* (1954) ou *¿Teléfono rojo? Volamos hacia Moscú* (1964) habíano converter nun actor de culto que, aínda nos anos setenta, será reclamado por algúns dos mellores directores do Novo Hollywood (Francis Ford Coppola, Robert Altman) ou mesmo europeos (Bernardo Bertolucci). Daquela xa publicara unha autobiografía (*Wanderer*) e unha novela, *Voyage. A Novel of 1896*, da ambición de *Moby Dick*. É a comezos dos oitenta cando o documentalista alemán Wolf-Eckart Bühler o encontra nunha barcaza navegando polos ríos e canles europeos entre Rotterdam e Marsella. Dese encontro han saír dúas películas. En primeiro lugar, *Pharos of Chaos* (1983), consistente nunha longa entrevista a bordo do barco onde Hayden revisa a súa traxectoria, sen disimular nin os seus remorsos nin o seu alcoholismo. A segunda, a medio camiño entre a ficción e o documental, *Der Havarist* (1984), é unha adaptación de *Wanderer*, unha evocación da paixón de Hayden polo mar e un exorcismo da súa delación durante a "caza de bruxas".

Estas dúas películas recuperounas agora Play-Doc, que lle dedica un foco a Bühler con ocasión da súa XVª edición, e que o festival de Tui trae ao CGAI-Filmoteca de Galicia, unha boa escusa para recuperar algunhas das películas máis representativas de Sterling Hayden.

Agradecementos: Sara García, Anxo Sánchez/Play-Doc; Wolf-Eckart Bühler; Filmoteca Española; Park Circus.

VAI E VEM. CARTA BRANCA A CHEMA PRADO

Tomando emprestado o título da última película de João César Monteiro, *Vai e Vem*, a carta branca a Chema Prado (Rábade, Lugo, 1952) ten a intención de ser un tributo a quen fora entre 1989 e 2016 o director da Filmoteca Española e antes diso, desde 1975, programador da devandita institución. A homenaxe, que se realiza en colaboración co concello da Coruña, que nas mesmas datas organiza no Pazo Municipal de María Pita unha exposición coa obra fotográfica de Prado, quere ser tamén un recoñecemento a un bo amigo do CGAI-Filmoteca de Galicia. Durante eses 27 anos como director da Filmoteca Española non só transformou radicalmente a institución (Cine Doré, Palacio del Marqués de Perales, Centro de Conservación y Restauración), senón que apoiou en todo momento á filmoteca da súa terra natal ao formar boa parte do seu persoal, colaborar en restauracións e constituír un dos seus principais valedores no seu ingreso como institución asociada da Federación Internacional de Archivos Fílmicos (FIAP).

Mais, dalgún modo, esta carta branca que se programa entre o 21 de marzo e o 10 de maio e que agrupa unha vintena de sesións é un recoñecemento ao seu labor anterior como programador que o levou a relacionarse con algúns dos mellores e máis radicais cineastas dos setenta e oitenta, moitos dos cales mostraron as súas películas por primeira vez en España nas pantallas nómadas da Filmoteca Española. Son varios deses nomes os que agora conforman este ciclo, do que se pode dicir que son todos os que están, malia non estaren todos os que son, e que en boa medida se conforma con copias cedidas por diversas cinematecas internacionais (Portugal, Suíza, Holanda, Bélxica...).

Desa relación con tantos cineastas xurdiu unha fonda amizade cuxo mellor testemuño son as fotografías que se expoñen no Pazo Municipal coruñés. Entre este espazo e o CGAI hase establecer durante case dous meses un diálogo que se estenderá tamén ao Teatro Colón, onde se proxectarán dúas das películas do ciclo, *El cielo protector* e *Stop Making Sense*, que poden verse, así mesmo, como senllas homenaxes aos dous dos grandes amigos de Chema Prado, Bernardo Bertolucci e Jonathan Demme, ambos falecidos no curso dos dous últimos anos.

As primeiras sesións do ciclo serán presentadas polo propio Chema Prado, que, na sesión inaugural, *La flor de mi secreto*, estará acompañado por Marisa Paredes, protagonista da película de Pedro Almodóvar, cuxa productora, El Deseo, cedeu xentilmente unha copia restaurada.

Agradecementos: Chema Prado, Marisa Paredes; Bettina Kolhaas/Teatro Colón; José Manuel Sande/Concello de A Coruña; El Deseo; Francisco Hoyos; André Schäublin, Frédéric Maire/Cinémathèque suisse; Paulo Branco; Sara Moreira, José Manuel Costa/Cinemateca Portuguesa; Marleen Labjeet, Sandra den Hamer/Eye Filmmuseum.

Outros agradecementos: Baños Films; José Luis Castro de Paz/Fundación Wenceslao Fernández Flórez; Video Mercury; Juan de la Colina; Voufilms; Antón Losada, Antón Reixa, Vía Láctea Filmes; Premio Rizoma, Marina Lameiro; Julius Richard; Adrián Canoura.

MARTES



MÉRCORES



XOVES



VENRES

Mar. **01**

18 e 20.30h.
Tan poderoso coma o amor
SARABAND
Ingmar Bergman, 2003
107'. HD. Subt. Castelán.
Entrada de balde.

SÁBADO

Mar. **02**

18h.
Fóra de serie
Presentación do nº 2 de *Volvoreta*.
Revista de literatura, xornalismo e historia do cinema
EL MALVADO CARABEL
Fernando Fernán-Gómez, 1956
81'. Video. Presentación.
Entrada de balde.

Mar. **06**


18h.
Olladas de muller
ARTE + MULLER + GALICIA
Rosario Sarmiento, 2018
45'. HD. Presentación: R. Sarmiento.
Entrada de balde.

20.30h.
Olladas de muller
TÓDALAS MULLERES QUE COÑEZO
Xiana do Teixeiro, 2018
71'. DCP. Presentación: X. Do Teixeiro. Entrada de balde.

Mar. **07**

18 e 20.30h.
Olladas de muller
TRINTA LUMES
Diana Toucedo, 2017
80'. DCP.
Entrada de balde.

Mar. **08**

19.30h. 
Olladas de muller
CORRESPONDENCIAS
Rita Azevedo Gomes, 2016
145'. DCP. Subt. Galego.
Entrada de balde.

Mar. **09**

18h.
Olladas de muller
Sombra Luminosa (Mariana Caló, Francisco Queimadela, 2018)
Un olho de vidro (Noela Gutiérrez, 2018)
Un país extraño (Laura Pousa, 2018)
A nena azul (Sandra Sánchez, 2018)
80'. HD. Presentación. Entrada de balde.

Mar. **12**

18 e 20.30h.
Tan poderoso coma o amor
ANTES DEL AMANECEER
Richard Linklater, 1995
101'. HD. Subt. Castelán.
Entrada de balde.

Mar. **13**

18 e 20.30h.
Tan poderoso coma o amor
BREVE ENCUENTRO
David Lean, 1945
86'. 35mm. Subt. Castelán.
Entrada de balde.

Mar. **14**

18 e 20.30h.
Tan poderoso coma o amor
ANTES DEL ATARDECER
Richard Linklater, 2004
80'. HD. Subt. Castelán.
Entrada de balde.

Mar. **15**

18 e 20.30h.
Tan poderoso coma o amor
EL SUR
Victor Erice, 1983
95'. 35mm. Entrada de balde.

Mar. **16**

18h.
CGAI Júnior
TIEMPOS MODERNOS
Charles Chaplin, 1936
87'. DCP. Muda-Rótulos Castelán.
Entrada de balde. (+8 anos).

Mar. **20**

18 e 20.30h.
Tan poderoso coma o amor
ANTES DEL ANOCHECER
Richard Linklater, 2013
109'. DCP. Subt. Castelán.

Mar. **21**

20.30h.
Vai e vem
LA FLOR DE MI SECRETO
Pedro Almodóvar, 1995
103'. DCP. Presentación: Marisa Paredes e Chema Prado.
Entrada de balde.

Mar. **22**


18h.
Vai e vem
Carta a Freddy Buache (Jean-Luc Godard, 1982)
La Morte Rouge (Victor Erice, 2006)
45'. 35mm/Video. Subt. Castelán*.
Presentación e coloquio con Chema Prado. Entrada de balde.

Mar. **23**

18h.
Vai e vem
PASOS DE BAILE
John Malkovich, 2002
132'. 35mm. Subt. Castelán.
Presentación. Entrada de balde.



20.30h.
Vai e vem
ARREBATO
Iván Zulueta, 1979
105'. HD.



Mar. **26**

20.30h.
Desencadres/Punto de Vista:
Jonathan Schwartz
Interior Ape (2004) **Animals Moving to the Sound of Drums** (2013) **If the War Continues** (2012) **Nothing is Over Nothing** (2008) **The Wedding Present** (2007) **Between Gold** (2011) **Winter Beyond Winter** (2016) **A Leaf is the Sea is a Theater** (2017) 78'. 16mm/HD. Subt. Castelán*.

Mar. **27**

18 e 20.30h.
Vai e vem
IL BACIO DI TOSCA
Daniel Schmid, 1984
87'. DCP. Subt. Castelán.

Mar. **28**

18h.
Vai e vem
YOU ARE NOT I
Sara Driver, 1981
50'. 16mm. Subt. Castelán.

Mar. **29**

18 e 20.30h.
Vai e vem
BERLIN
Julian Schnabel, 2007
85'. HD. Entrada de balde.



Mar. **30**

18h.
Off Galicia: Juan de la Colina
Maruxa (2019)
13 estampas da traizón (2017)
36'. HD. Presentación: J. De la Colina. Entrada de balde.

Abr. **02**

18 e 20.30h.
Esenciais: Sterling Hayden
LA JUNGLA DE ASFALTO
John Huston, 1950
112'. 35mm. Subt. Castelán.

Abr. **03**

18 e 20.30h.
Vai e vem
EL ESTADO DE LAS COSAS
Wim Wenders, 1982
101'. 35mm. Subt. Castelán.

Abr. **04**

18h.
Vai e vem
DEAD MAN
Jim Jarmusch, 1995
121'. DCP. Subt. Castelán.

Abr. **05**

18 e 20.30h.
Esenciais: Sterling Hayden
DE REPENTE
Lewis Allen, 1954
77'. DCP. Subt. Castelán.

Abr. **06**

18h.
CGAI Júnior
ANIKI BÓBÓ
Manoel de Oliveira, 1942
71'. 35mm. Subt. Galego*.
Entrada de balde. (+8 anos).



Abr. **09**

20.30h.
Play-Doc: Wolf-Eckart Büller/Esenciais: S. Hayden
PHAROS OF CHAOS (1983)
114'. HD. Subt. Castelán. Presentación: W.E. Bühler. Entrada de balde.

Abr. **10**

18h.
Play-Doc: Wolf-Eckart Büller/Esenciais: S. Hayden
DER HAVARIST (1984)
92'. HD. Subt. Castelán.

Abr. **11**

19.30h. 
Vai e vem
VAI E VEM
João César Monteiro, 2002
175'. 35mm. Subt. Galego*.

Abr. **12**

18h.
Vai e vem
O DIA DO DESESPERO
Manoel de Oliveira, 1992
75'. 35mm. Subt. Galego*.

Abr. **13**

18h.
Pensando en cine, pensando en Galicia
VILAMOR
Ignacio Vilar, 2012
112'. 35mm. Presentación e coloquio: Antón Reixa e o politólogo Antón Losada. Entrada de balde.



Abr. **16**

18 e 20.30h.
Esenciais: Sterling Hayden
ATRACO PERFECTO
Stanley Kubrick, 1956
84'. 35mm. Subt. Castelán.

Abr. **17**

18h.
Vai e vem
ROUTE ONE U.S.A.
Robert Kramer, 1989
255'. DCP. Subt. Galego*.

Abr. **25**

18h.
Desencadres: Julius Richard
blue(s) line(s) (2014) **Rostrojo** (2014) **Flor r(ec)omp(on)jiéndose** (2016) **Aves del Paraíso (Arcadia version)** (2018) **Me gusta bailar pero no en el aire** (2016)
72'. HD. Presentación do libro *Libro de las alucinaciones*, de J. Richard.
Entrada de balde.

Abr. **26**

18h.
Vai e vem
DYN AMO
Stephen Dwoskin, 1972
120'. 16mm.

Abr. **27**

18h.
Off Galicia: Adrián Canoura
O porco e o seu espírito (2017)
Salitre nas veas (2017)
Caerán lóstregos do ceo (2018)
50'. HD. Presentación: Adrián Canoura. Entrada de balde.

Abr. **23**

18 e 20.30h.
Vai e vem
ON THE TOP OF THE WHALE
Raúl Ruiz, 1982
90'. DCP. Subt. Galego*.

Abr. **24**

18 e 20.30h.
Fóra de serie/Premio Rizoma
YOUNG & BEAUTIFUL
Marina Lameiro, 2018
72'. DCP. Presentación: Marina Lameiro.

Abr. **25**

20.30h.
Desencadres: Stan Brakhage #34
THE TEXT OF LIGHT (1974)
Colophon (for the Arboretum Cycle) (Nathaniel Dorsky, 2018)
85'. 16mm.

Abr. **26**

20.30h. TEATRO COLÓN
Vai e vem
STOP MAKING SENSE
Jonathan Demme, 1984
88'. 35mm. Entrada de balde.

Abr. **30**

19.30h. 
Vai e vem
ELLE A PASSÉ TANT D'HEURES SOUS LES SUNLIGHTS
Philippe Garrel, 1985
130'. DCP. Subt. Galego*.

Abr. **30**

Información xeral
Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria. A duración dos filmes é orientadora e aproximada. Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade. Unha vez comezada a sesión, non se permitirá a entrada á sala de proxeccións. As sesións de capacidade limitada teñen reservado un número indeterminado de butacas.



Programación 251
marzo / abril 2019

Subtitulado electrónico: Subtitula'm S.L.

Información adicional sobre ciclos e filmes: <https://cgai.xunta.gal>

A venda de entradas iniciárase 15 minutos antes de comezaren as sesións (non se venden entradas anticipadamente). Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

Sala de proxeccións
CGAI. Durán Loriga, 10 baixo,
15003 A Coruña
Tel.: 881 881 270 Fax: 881 881 271
e-mail: cgai@xunta.gal